

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

Cidade Imaginária

GAIÁS – CIDADE DA CULTURA

22
AGO
2015

De 11
a 21 h.



cidadedacultura.gal



GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de coworking, un viveiro de empresas e o espazo de crowdfunding ‘Galicia Open Future’.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



Cidade Imaxi- naria

Sábado, 22 de agosto
De 11 a 21 horas
Entrada gratuíta


Benvidos ao maior espectáculo do mundo! **Cidade Imaxinaria** volve ao Gaiás para converterse por un día nun circo xigante onde todo pode suceder: viaxeiros equilibristas, bombeiros malabaristas, pallasos magos, dragóns acróbatas, principiantes de trapeceistas e ata dj's perruqueiros se darán cita na praza central da Cidade da Cultura para facer dos soños unha realidade.

Esta quinta edición de **Cidade Imaxinaria** céntrase na máis pura esencia do circo para que nenos e maiores gocen de divertidos e sorprendentes espectáculos ao aire libre durante toda unha xornada de xogos e diversión. Ata este fantástico mundo se desprazarán os irmáns Herrerita para aprendernos a xirar o prato, facer malabares ou colgarnos do trapezio; atoparemos aos ananos acrobáticos de *Namorado do aire*; escacharemos coa risa cos tres aprendices de trapeceistas, malabaristas e equilibristas de *Vaia circo!*; treparemos a un mástil chinés cun viaxeiro no tempo subido nun *Sidecar*; escaparemos da tola manguera coa que nos queren regar os *Pompier*s, e ata descubriremos os trucos de maxia de *Les Artuans*.

Os espectáculos combináanse con divertidos xogos para todas as idades: desde o *Apicirc*, onde os máis pequenos da casa construírán o seu propio circo; ata os múltiples e imaxinativos pasatempos do *Arriero de juegos* e a *Árbore dos xogos*. Cidade Imaxinara convidanos a converternos en intrépidos peregrinos e superar ata un total de 24 probas para conseguir a nosa credencial *Xogando no Camiño* e a lucir os máis enxeñosos e divertidos peiteados grazas a dúas perruqueiras tolas e un creativo dj en *Senta a cabeza*.

A cor e a música tampoco poden faltar a esta cita co circo e a fantasía. Por iso, Cidade Imaxinaria contará cos *Cock-Tales*, divertidos músicos con plumas; coas acrobacias e bailes de *Le Cabaret* e cunha despedida por todo o alto: o elegante e hipnotizante baile dos *Colors*.

Todo un día para dar renda solta á nosa imaxinación con espectáculos, xogos e obradoiros pensados para gozar de balde e en familia.



LES POMPIERS

APICIRC



Todos os públicos
Duración: 45 minutos
Tres pases: 12:30, 16:30 e 18:00

Auga, auga! Un coche que parece saído dos debuxos animados, dous divertidos bombeiros que nos fan mover o corpo ao ritmo da súa trepidante música e unha manguera xigante coa que regarnos de... confeti de cores! Os bombeiros chegan á Cidade da Cultura máis que para apagar un lume, para arrancarnos un sorriso.

De 0 a 4 anos
De 11 a 14:30 e de 16 a 21:00 horas

Os máis pequenos da casa tamén poden vivir o día a día nun circo. Descubre un mundo de obxectos, monicreques e xoguetes fabricados artesanalmente nas carpas circenses creadas polas abellas; e déixate sorprenden por uns monitores que inesperadamente se converten nos reis dos malabares e das acrobacias. Un espazo de xogo e experimentación sensorial para compartir pais e fillos.



XOGANDO NO CAMIÑO



De 3 a 15 anos
De 11 a 14:30 e de 16 a 21:00 horas

Queres ser un auténtico peregrino? Cidade Imaxinaria ten preparado para ti un Camiño moi especial. Recolle o teu pasaporte, percorre as doce etapas, supera as vinte e catro probas e recibirás unha credencial de perfecto camiñante. Un montón de xogos tradicionais como a rá, a chave, a petanca, a mariola, o trompo ou o tiralatas están esperando por ti en múltiples recunchos da Cidade da Cultura, convertida por un día nunha auténtica aventura só apta para valentes.

ARRIERO DE XOGOS



A partir de 3 anos
De 11 a 14:30 e de 16 a 21:00 horas

A praza central do Gaiás convértese nunha auténtica sala de xogos onde espertar o enxeño e a habilidade de grandes e pequenos. Un total de vinte e cinco estruturas construídas con madeira de forma artesá dan cabida a 45 xogos cos que todo o público se sentirá atraído a xogar e atopar o seu espazo para a diversión.



SENTA A CABEZA

A ÁRBORE DOS XOGOS



A partir de 3 anos
De 12 a 14 horas e de 17 a 19 horas

Unha excéntrica perruquería, dúas perruqueiras artistas e un dj. Esta é a proposta de Cidade Imaxinaria para todos aqueles que non se cortan un pelo. Recicla e transforma obxectos cotiáns en pezas únicas que lle darán o toque final ás sorprendentes e fantasiosas creacións realizadas a ritmo da música no cabelo dos clientes máis atrevidos.

A partir de 5 anos
De 11 a 14:30 e de 16 a 21:00 horas

De entre os entullos e o lixo naceu unha árbore reciclada. E ao pouco tempo, das súas ramas comezaron a brotar xogos. Cidade Imaxinaria bríndanos a oportunidade de deixarnos levar pola imaxinación e pasar un momento do máis entretido con estes xogos imaxinados nos que descubrir figuras tan sorprendentes como unha árbore, unha araña ou mesmo a Charles Chaplin.



CIRCO NO FAIADO



A partir de 6 anos
De 11 a 14:30 e de 16 a 21:00 horas

Cando os Herrerita eran pequenos descubriron no faiado da casa dos seus avós unha emocionante colección de obxectos de circo. Agora, convidánnos a adentrarnos con eles nun marabilloso mundo no que aprender a xirar o prato, facer malabares, padexar nun monociclo, colgarse do trapezio ou camiñar sobre o cable.

SIDECAR



Todos os públicos
Duración: 40 minutos
Dous pases: 12:30 horas e 17:30 horas

Ábrese unha fenda no tempo e un extravagante viaxeiro nunha antiga moto con sidecar aparece na praza central do Gaiás. Está buscando algo pero nin os mapas, nin os planos nin o poste indicador de direccións co que se atopa semella axudalo. Desbordado, o noso misterioso viaxeiro converte o pau nun mástil chinés no que comeza a facer acrobacias ata atopar aquilo que buscaba: a felicidade!



LES ARTUANS



Todos os públicos
Duración: 60 minutos
11:30 horas


Les Artuans é un espectáculo de maxia cómica, onde o cómico se ve... e a maxia tamén. Un show para todos os públicos onde se mestura clown, mimo, o absurdo, risos, máis clown, moitas máis risas e tamén un pouco de maxia.

NAMORADO DO AIRE



Todos os públicos
Duración: 55 minutos
13:30 horas

Coma se fose un conto de dragóns, dous ananos rin, bailan e sobre todo, soñan con voar e permanecer no aire. **Namorado do Aire** amósanos a relación de amor e xogo entre eles e os seus dragóns, as súas torpezas, habilidades e destrezas polo ar. Un espectáculo para toda a familia onde se mesturan o teatro, as técnicas de circo de acrobacia aéreas, as marionetas e o clown.



VAIA CIRCO!

LE CABARET



Todos os públicos
Duración: 50 minutos
16:30 horas

Sen trapeceistas nin malabaristas nin acróbatas nin equilibristas... Falta todo o elenco do circo pero... o espectáculo debe continuar. Tres protagonistas serán os que, en clave de humor, tomen o mando sobre as táboas. Serán eles os que loiten cos trapeceiros, os que intenten xirar polo aire sobre as cordas, os que teñan que burlar a gravidade cos malabares. Cada problema é un reto. Cada nova proba, unha gargallada do público. Cada número, unha aprendizaxe.

Todos os públicos
Duración: 90 minutos
18:30 horas

Unha mestura explosiva de danza, equilibrio de mans, clown e acrobacia de dúo. Le Cabaret é unha disparatada e corrida viaxe a través das diferentes modalidades do circo: desde o clásico ata o contemporáneo, pasando polos rexistros máis de rúa e participativos.



COCK-TALES

COLORS



A partir de 5 anos
Duración: 30 minutos.
Tres pases: 11:30, 13:30 e 17:30 horas.

Cidade Imaxinaria está repleta de personaxes estranas, curiosas, sorprendentes... e ata tres músicos con plumas! O galo Capón, vanidoso e peleón; a galiña nai, sufrida e vixilante; e o polo de guisar, raquítico e indeciso. Esta reunión cómica de plumas sorprenderá aos presentes con escenas cotiás moi humanas e todo a ritmo da mellor música.

A partir de 7 anos
Duración: 50 minutos
20:00

O fin de festa será un baile máxico cheo de cor e movemento. Cando unha máxica música comeza a soar, as cores inician unha fantástica, hipnotizante e elegante coreografía. Enormes figuras desfilan entre a xente con elegante paso atrapando o vento co seu movemento. Lentamente, desaparece algún espectador entre os seus vestidos e, ao son da música, a metamorfose continúa.

LUGAR E HORA

Sábado 22 de agosto de 2015

De 11 a 21 horas

Praza central do Gaiás

Actividades de balde

SERVIZO DE CANTINA

De 11 a 21 horas haberá postos de comida no recinto

ENTRADA DE BALDE AO MUSEO

De 11 a 20 horas

Con motivo da celebración do festival Cidade Imaxinaria, a entrada ao Museo Centro Gaiás será de balde durante toda a xornada para poder visitar en familia a exposición Camiño. A orixe.

VISITAS GUIADAS Á EXPOSICIÓN CAMIÑO. A ORIXE

Ás 12.30 e 18.30 horas

E para os que queiran coñecer un pouco máis sobre a mostra, o Museo contará con dúas visitas guiadas ao longo do día (ás 12.30h e 18.30h)



PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego ^BS

Coren

Campo

GADIS

grupo
NOSA 
TERRA 21

Astillero
BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia 

R

MONBUS

 FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

 XUNTA
DE GALICIA

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

